

opusdei.org

Espírito

O Opus Dei axuda a atopar a Cristo no traballo, na vida familiar e no resto de actividades ordinarias.

30-05-2007

Todos os bautizados están chamados a seguir a Xesucristo, a vivir e a dar a coñecer o Evanxeo. A finalidade do Opus Dei é contribuir a esa misión evangelizadora da Igrexa Católica, promovendo entre fieis cristiáns de toda condición unha vida coherente coa fe nas circunstancias ordinarias

da existencia e especialmente a través da santificación do traballo.

Algúns rasgos do espírito do Opus Dei son os seguintes:

Filiación divina. «a filiación divina é o fundamento do espírito do Opus Dei», afirma o su fundador. Dende o bautismo, un cristián é un fillo de Deus. A formación que proporciona a Prelatura fortalece nos fieis cristiáns un vivo sentido da súa condición de fillos de Deus e axuda a conducirse de acordo con ela: fomenta a confianza na providencia divina, a sinxeleza no trato con Deus e cos demais, un profundo sentido da dignidade da persoa e da fraternidade entre os homes, un verdadeiro amor cristián ao mundo e ás realidades creadas por Deus, a serenidade e o optimismo.

Vida ordinaria. «É no medio das cousas máis materiais da terra onde debemos santificarnos, servindo a

Deus e a todos os homes», dicía san Xosemaría. A familia, o matrimonio, o traballo, a ocupación de cada momento son oportunidades habituais de tratar e de imitar a Xesucristo, procurando practicar a caridade, a paciencia, a humildade, a laboriosidade, a xustiza, a ledicia e en xeral as virtudes humanas e cristiás.

Santificar o traballo. Buscar a santidad no traballo significa esforzarse por realizalo ben, con competencia profesional, e con sentido cristián, é dicir, por amor a Deus e para servir aos homes. Así, o traballo ordinario convértese en lugar de encontro con Cristo.

Oración e sacrificio. Os medios de formación do Opus Dei recordan a necesidade de cultivar a oración e a penitencia propias do espírito cristián. Os fieis da Prelatura asisten diariamente á Santa Misa, dedican

un tempo á lectura do Evanxeo, acuden con frecuencia ao sacramento da confesión, fomentan a devoción á Virxe. Para imitar a Xesucristo, procuran tamén ofrecer algunhas pequenas mortificacións, especialmente aquelas que facilitan o cumprimento do deber e fan a vida máis agradable aos demais, así como o xexún e a esmola.

Unidade de vida. O fundador do Opus Dei explicaba que o cristián non debe «levar como unha dobre vida: a vida interior, a vida de relación con Deus, por unha banda; e por outra, distinta e separada, a vida familiar, profesional e social». Polo contrario, sinalaba san Xosemaría, «hai unha única vida, feita de carne e espírito, e esa é a que ten que ser —na alma e no corpo— santa e chea de Deus».

Liberdade. Os fieis do Opus Dei son cidadáns que gozan dos mesmos dereitos e están suxeitos ás mesmas

obrigas que os outros cidadáns, os seus iguais. Nas súas actuacións políticas, económicas, culturais, etc., obran con liberdade e con responsabilidade persoal, sen involucrar á Igrexa ou ao Opus Dei nas súas decisións nin presentalas como as únicas congruentes coa fe. Isto implica respectar a liberdade e as opinións alleas.

Caridade. Quen coñece a Cristo atopa un tesouro que non pode deixar de compartir. Os cristiáns son testemuñas de Xesucristo e difunden a súa mensaxe de esperanza entre parentes, amigos e colegas, co exemplo e coa palabra. Afirma o fundador: «Ao esforzarnos cóbado con cóbado nos mesmos afáns cos nosos compañeiros, cos nosos amigos, cos nosos parentes, poderemos axudarlles a chegar a Cristo». Este afán de dar a coñecer a Cristo é inseparable do desexo de contribuir a resolver as necesidades

materiais e os problemas sociais do contorno.

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/espírito/](https://opusdei.org/gl-es/article/espírito/) (24-03-2025)